



CONCELLO DE
OLEIROS

> OBRAS PÚBLICAS

Expediente núm.:

Memoria xustificativa

Procedemento: Contrato de obras por Procedemento Aberto

Asunto: Proxecto “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria”

Documento asinado por: José Luis Jares Vázquez – Arquitecto Técnico Municipal

MEMORIA XUSTIFICATIVA

– **Introdución**

O Polígono Comercial-Empresarial de Icaria, enmarcado dentro do Eixo Empresarial Perillo-Oleiros, é na actualidade o solo industrial de maior ocupación do Concello e atópase en constante desenrolo e crecemento dende hai máis de trinta anos.

Debido á antigüidade dos seus viarios interiores, parte dos mesmos atópanse nun estado de avanzada deterioración. En concreto, a zona que se atopa en peor estado de conservación nestes momentos no Polígono correspóndese coas beirarrúas da Rúa Icaro, as cales presentan numerosas deficiencias que dificultan o tránsito dos peóns polas mesmas, chegando, nalgún caso, a supoñer un risco para estes, por atoparse as lousas das beirarrúas soltas ou levantadas en diversos puntos.

O feito indicado implica unha necesaria renovación completa das beirarrúas naqueles tramos da Rúa Icaro que presenten un peor estado de conservación na actualidade, que se corresponden coa marxe dos números pares no tramo comprendido entre a Rúa Vulcano e a Rúa Pegaso e o tramo da marxe dos números impares localizado entre a Rúa Prometeo e a Rúa Perseo.

Por outra banda, visto a importante demanda de prazas de estacionamento existente no Polígono, derivada da alta ocupación de empresas e da elevada actividade destas, faise necesaria a habilitación de novas zonas para o estacionamento. Co fin de dar solución á problemática descrita, proxéctase un novo aparcadoiro sobre unha antiga pista de formigón situada na Rúa Icaro, sen uso específico na actualidade.

Así mesmo, debido ao incremento de actividade rexistrado nos últimos anos e, consecuentemente, ao incremento de vehículos que circulan e estacionan nas rúas do Polígono Comercial – Empresarial de Icaria, faise preciso proceder a renovar e reforzar a sinalización vial do mesmo, moi deteriorada polo paso do tempo, co fin de garantir a seguridade viaria así como unha mellor circulación rodada; proporcionando deste xeito aos usuarios do Polígono unha maior comodidade nos desprazamentos, favorecendo a afluencia destes ao mesmo e mellorando, en definitiva, a competitividade de toda a zona empresarial.



Polo exposto, parece aconsellable que por parte do Concello de Oleiros se proceda a acometer a renovación completa da beirarrúa nos tramos indicados dos viarios interiores do Polígono Comercial-Empresarial de Icaria que se atopan máis deteriorados na actualidade (en concreto da Rúa Icaro) e, por outra banda, se proceda a renovar e reforzar a sinalización vial de diversas vías interiores do mesmo e se cree unha nova zona de estacionamento na Rúa Icaro.

– **Descrición da situación actual**

a. Situación

As distintas actuacións que se pretenden acometer distribúense dentro do Polígono Comercial – Empresarial de Icaria.

O Polígono Comercial – Empresarial de Icaria queda situado entre as parroquias de Liáns e Perillo, do Concello de Oleiros, e as rúas que o conforman son as seguintes: Icaro, Vulcano, Sendeiro, Zeus, Pegaso, Poseidon, Eolo e Praza Atenea, pasando por Avda. das Mariñas, ata Rúa dos Prados (inclusive). Os viais de acceso ao mesmo son, por unha parte, para os vehículos que accedan dende a zona Norte, a través da Avda. Rosalía de Castro (AC-174), as seguintes rúas: Rúa Afrodita, Rúa Helios e Rúa Prometeo, e por outra parte, para os vehículos que accedan polo Sur, a Avda. das Mariñas (AC-12).

As obras proxectadas poden clasificarse en dous grandes grupos: en primeiro lugar as actuacións correspondentes á reposición da beirarrúa daqueles viarios que na actualidade presentan un peor estado de conservación (Rúa Icaro), coas conseguíntes obras complementarias de demolición do pavimento actual, colocación de bordos, modificación da rede de drenaxe, etc., e, en segundo lugar, as actuacións de repintado da sinalización vial, así como a creación dunha nova zona de estacionamento na Rúa Icaro.

Tal e como xa se indicou no apartado anterior, na Rúa Icaro actuarase naqueles tramos de beirarrúa que presenten un peor estado de conservación, que se corresponden co tramo comprendido entre a Rúa Vulcano e a Rúa Pegaso na marxe dos números pares, e co tramo localizado entre a Rúa Prometeo e a Rúa Perseo na marxe dos números impares.

No que respecta aos traballos de renovación da beirarrúa, contémplanse as seguintes actuacións: demolición do pavimento e bordos actuais con traslado de escombros a vertedoiro autorizado, tratamento de renovación e mantemento de aliñación do arboredo existente, consistente en poda de sistema radicular, segundo necesidades, para adecuación a novo pavimento proxectado e consecuente poda de formación ou redución de copa (posto que na actualidade parte das deficiencias existentes nas beirarrúas teñen a súa orixe no levantamento do pavimento por parte das raíces das árbores), instalación de novos sumidoiros e anulación de parte dos existentes para adecualos á nova disposición das beirarrúas, instalación de canaletas de drenaxe nos accesos á determinadas propiedades (necesarias para recoller as augas procedentes do interior destas ao ser preciso adecuar a rasante das novas beirarrúas, elevándoas 14 cm. por riba da rasante da calzada, posto que na actualidade atópanse afundidas en diversas zonas), instalación de tubaxes de saneamento para conexión das canaletas e sumidoiros coa correspondente rede xeral de recollida de augas pluviais, colocación de novos bordos de formigón prefabricado e execución de novo pavimento nas beirarrúas mediante adoquins de formigón prefabricado, colocados con morteiro de cemento sobre firme composto por soleira de formigón de 15 cm de espesor. Nos vados peonís dispórase o correspondente solado de baldosas de formigón con pavimento táctil, segundo normativa básica de accesibilidade.



CONCELLO DE
OLEIROS

> OBRAS PÚBLICAS

No acceso ao novo aparcadoiro que se proxecta na Rúa Icaro contéplase, a maiores, as seguintes actuacións: escavación do terreo, regularización con base de saburra e execución de pavimento para tráfico mixto mediante lousas de formigón HA-25 e=25cm, cun tratamento superficial en cor gris

No que respecta aos traballos de sinalización vial, contéplanse actuacións de repintado da sinalización horizontal existente nas vías nas que se actúa, consistentes no pintado do eixo e bordos da calzada, da simboloxía, dos pasos de peóns, das prazas de estacionamento, etc. en pintura plástica en frío de dous compoñentes e microesferas de vidro.

As actuacións quedan perfectamente definidas nos planos do proxecto construtivo, consistindo basicamente no repintado da sinalización horizontal das rúas Sendeiro, Zeus, Pegaso, Poseidón, Eolo, Praza Atenea e ramal da Avda. das Mariñas que da acceso ao cuartel da Garda Civil de Tráfico e a diversas naves, así como o pintado da nova zona de estacionamento que se prevé habilitar na Rúa Icaro

Os obxectivos que se perseguen coa realización das obras proxectadas son os seguintes:

- A renovación do pavimento das beirarrúas da rúa Ícaro, actualmente en estado moi deficiente, garantindo o tránsito dos peóns polas mesmas en condicións de seguridade.
- A habilitación de novas zonas para o estacionamento para atender a importante demanda de prazas de estacionamento existente no Polígono.
- A renovación e reforzo da sinalización vial das rúas interiores do Polígono, mellorando tamén deste modo a seguridade viaria nas rúas nas que se actúa.

Coa execución das obras proxectadas, polo tanto, dotarase dunhas novas beirarrúas á rúa Ícaro, garantindo o tránsito dos peóns polas mesmas en condicións de seguridade, crearase unha nova zona de estacionamento para atender a importante demanda de prazas existente no Polígono e renovarase a totalidade da sinalización vial das súas rúas interiores, incrementando desta forma a seguridade viaria. De non executarse as obras, as deficiencias existentes na actualidade na rúa irán aumentando de forma gradual, co risco de chegar a un estado no que as circulacións peonil e rodada poidan verse afectadas polo mal estado das vías.

b. Marco normativo

A normativa a ter en conta no desenvolvemento do contrato é a seguinte:

CONTRATACIÓN DO ESTADO

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.
- Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e las fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministro, de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.
- Real Decreto 300/2011, de 4 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e habilitase ó titular do Ministerio de Economía e Facenda para modificar os seus anexos.



- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (BOE do 26 de outubro de 2001). O RD 817/2009, de 8 de maio (BOE del 15 de maio de 2009), derroga os artigos 79, 114 ó 117 e os anexos VII, VIII y IX e modifica el artigo 179.1. Corrección de erros BOE do 19 de decembro de 2001 e do 8 de febreiro de 2002.
- Decreto 3854/70, de 31 de decembro, polo que se aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado (BOE do 16 de febreiro de 1971). Orde Circular 31/2012, de 12 de decembro de 2012, sobre proposta e fixación de fórmulas polinómicas de revisión de prezos nos proxectos de obras da Dirección General de Carreteras.

ESTRADAS

- Lei 37/2015, de 29 de setembro, de Estradas (BOE do 30/9/2015).
- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
- Orde Circular 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.
- Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Estradas. Modificado polo Real Decreto 1911/1997, de 19 de decembro, (BOE do 10 de xaneiro de 1998), polo Real Decreto 597/1999, de 16 de abril (BOE do 29 de abril de 1999) e polo Real Decreto 114/2001, de 9 de febreiro (BOE do 21 de febreiro de 2001). A Orde Ministerial de 16 de decembro de 1997 do Ministerio de Fomento desenvolve algúns dos seus artigos.
- Nota de Servizo 2/2016, de 24 de maio de 2016, sobre Instrucións para la emisión de informes vinculantes relativos a solicitudes de autorización de transportes especiais ós que fai referencia o artigo 108.3 del Regulamento Xeral de Estradas relativos ós devanditos transportes.

IMPACTO AMBIENTAL

- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE do 11 de decembro de 2013).
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula la producción e xestión dos residuos de construción e demolición (BOE de 13 de febreiro de 2008).

SEGURIDADE E SAÚDE

- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE de 19 de outubro de 2006).
- Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción (BOE do 25 de agosto de 2007). Corrección de erros BOE do 12 de setembro do 2007. Modificado por Real Decreto 327/2009, de 13 de marzo (BOE do 14 de marzo de 2009).



- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE de 25 de outubro). Modificado polo Real Decreto 604/2006, de 19 de maio (BOE de 29 de maio).

TRAZADO

- Orde FOM/273/2016, de 19 de febreiro de 2016, pola que se aproba a Norma 3.1- IC “Trazado” da Instrución de Estradas (BOE do 4 de marzo de 2016).
- Orde Circular 32/12, de 14 de decembro, sobre guía de nodos viarios.

DRENAXE

- Orde FOM298/2016, de 15 de febreiro, pola que se aproba a Norma 5.2-IC sobre drenaxe superficial (BOE do 10 marzo de 2016).
- Orde Circular 17/2003, de 23 de decembro, sobre Recomendacións para o proxecto e construción do drenaxe subterráneo en obras de estrada. Na práctica substitúe á Norma 5.1-IC.
- Máximas chuvias diarias na España peninsular. Dirección General de Carreteras, 1999. Cálculo hidrometeorolóxico de caudais máximos en pequenas concas naturais, Dirección General de Carreteras, maio de 1987.

FIRMES E PAVIMENTOS

- Orde FOM/3460/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.1-IC “Seccións de firme”, da Instrución de Estradas (BOE do 12 de decembro de 2003).
- Orde FOM/3459/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.3-IC: “Rehabilitación de firmes”, de la Instrución de Estradas (BOE do 12 de decembro de 2003, corrección de erratas BOE do 25 de maio de 2004).

SINALIZACIÓN VERTICAL

- Real Decreto 334/1982, de 12 de febreiro, sobre sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas e servicios públicos de interese xeral no ámbito das Comunidades Autónomas con outra lingua oficial distinta do castelán (BOE do 27 de febreiro de 1982).
- Real Decreto 2296/1981, de 3 de agosto, sobre sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas e servicios públicos de interese xeral no ámbito das Comunidades Autónomas (BOE do 9 de outubro de 1981).
- Orde FOM 534/2014, de 20 de marzo, pola que se aproba a Norma 8.1-IC, Sinalización vertical, da Instrución de Estradas (BOE de 5 de abril de 2014).
- Orde, de 2 de agosto de 2001, pola que se desenvolve el artigo 235 do Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, en materia de supresión e protección de pasos a nivel (BOE do 9 de agosto de 2001). Regula a sinalización de pasos a nivel. Modificada por Orde de 19 de outubro de 2001 (BOE do 30 de outubro de 2001).
- Orde Circular 38/2016 sobre a aplicación da disposición transitoria única da Orde FOM/534/2015, de 20 de marzo, pola que se aproba a norma 8.1 IC, Sinalización vertical da Instrución de Estradas.
- Sinais verticais de circulación. Tomo I. Características dos sinais. Dirección General de Carreteras, marzo de 1992.



- Sinais verticais de circulación. Tomo II. Catálogo e significado dos sinais. Dirección General de Carreteras, junio de 1992.

SINALIZACIÓN HORIZONTAL (MARCAS VIAIS)

- Orde, de 16 de xullo de 1987, pola que se aproba a Norma 8.2-IC sobre marcas viais, (BOE do 4 de agosto e 29 de setembro de 1987).
- Nota de Servizo 2/2007, de 15 de febreiro, sobre os criterios de aplicación e de mantemento das características da sinalización horizontal. Anulada parcialmente (criterios técnicos) pola Orde FOM 2543/2014 que aproba el artigo 700 do PG-3.

SINALIZACIÓN EN OBRAS

- Orde, de 31 de agosto de 1987, pola que se aproba la Instrucción 8.3-IC sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fóra de poboado (BOE do 18 de setembro de 1987).
- Manual de exemplos de sinalización de obras fixas. Dirección General de Carreteras, 1997. Como aplicación da Norma 8.3-IC sobre Sinalización de Obras.

RUÍDO

- Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído (BOE do 18 de novembro de 2003).
- Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (BOE do 23 de outubro de 2007).
- Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental (BOE do 17 de decembro de 2005).
- Redución do ruído na contorna das estradas. Dirección General de Carreteras, 1995.

AUGAS

- DECRETO 141/2012, de 21 de junio, por el que se aprueba el Reglamento marco del Servicio Público de Saneamiento y Depuración de Aguas Residuales de Galicia.
- Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia.
- DECRETO 1/2015, de 15 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la planificación en materia de aguas de Galicia y se regulan determinadas cuestiones en desarrollo de la Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia.
- Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello de Oleiros

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS XERAIS

- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes da Dirección General de Carreteras (PG-3). Orde Ministerial de 6 de febreiro de 1976. A Orde FOM/2523/2014 actualiza artigos de materiais básicos, firmes, pavimentos, sinalización, balizamento e sistemas de contención de vehículos (BOE do 3 de xaneiro de 2015, corrección de erratas BOE 1 de marzo de 2017). A Orde FOM/1382/2002 actualiza artigos de explanacións, drenaxes e cimentacións (BOE do 11 de xuño de



2002; corrección de erratas BOE 26 de novembro de 2002). A Orde FOM/475/2002 actualiza artigos de formigóns e aceiros (BOE do 6 de marzo de 2002).

- Orde Circular 21bis/2009 sobre betumes mellorados e betumes modificados de alta viscosidade con caucho procedente de pneumáticos fóra de uso (NFU) e criterios a ter en conta para a súa fabricación in situ e almacenamento en obra.
- Orde Circular 21/2007 sobre o uso e especificacións que deben cumprir os ligantes e mesturas bituminosas que incorporen caucho procedente de pneumáticos fóra de uso (NFU).

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN

- Real Decreto 256/2016, de 10 de xuño, polo que se aproba a Instrución para a recepción de cementos (RC-16) (BOE de 25 de xuño de 2016).
- Real Decreto 605/2006, de 19 de maio, polo que se aproban os procedementos para a aplicación da norma UNE-EN 197-2:2000 ós cementos non suxeitos ó mercado CE e ós centros de distribución de calquera tipo de cemento (BOE de 7 de xuño de 2006).
- Real Decreto 1247/2008, de 18 de xullo, polo que se aproba a “Instrución de Formigón Estrutural (EHE-08)” (BOE do 22 de agosto de 2008). Corrección de erros BOE do 24 de decembro de 2008.
- Real Decreto 751/2011, de 27 de maio, polo que se aproba a “Instrución de Aceiro Estrutural (EAE)” (BOE do 23 de xuño de 2011). Corrección de erros BOE do 23 de xuño de 2012.
- Real Decreto 842/2013, de 31 de outubro, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ó lume (BOE 23 de novembro de 2013)

– Obxecto do contrato

O obxecto do contrato de obras para “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria” consiste na realización dos traballos necesarios para acometer a renovación de parte das beirarrúas da rúa Ícaro, garantindo o tránsito dos peóns polas mesmas en condicións de seguridade, para a creación dunha nova zona de estacionamento para atender a importante demanda de prazas existente no Polígono e para a renovación da totalidade da sinalización vial das súas rúas interiores, incrementando desta forma a seguridade viaria.

– Análise Técnica

a. Consideracións técnicas e requirimentos

As distintas unidades de obra que será preciso levar a cabo co fin de executar a obra completa se resumen a continuación:

1. Actuacións previas:

- Demolición de firme
- Demolición e retirada de bordos de formigón
- Escavación do terreo en apertura de caixa para vial
- Tratamento de renovación e mantemento de aliñación de arboredo en beirarrúa



2. Rede de pluviais:

- Subministro e colocación de sumidoiro
- Selado de sumidoiro existente (anulación)
- Instalación de canaleta de drenaxe de polipropileno
- Instalación de tubaxe saneamento Ø160mm SN8 i/canalización

3. Urbanización:

- Regularización con base de saburra
- Pavimento tráfico mixto lousas formigón HA-25 e=25cm
- Tratamento de formigón superficial, cor gris
- Subministración e colocación de bordo
- Pavimento adoquins formigón
- Solado de baldosas de formigón pavimento táctil

4. Sinalización vial:

- Pintado de liña de eixo e bordos
- Pintado de praza de aparcamento para turismos
- Pintado de símbolos e marcas viais
- Pintado de pasos de peós
- Pintado de cebreados e illotes
- Pintado de zig-zag en paradas de bus e zonas de carga/descarga

5. Varios:

- Colocación de cartel ou placa explicativa-identificativa da subvención

– **Análise Económica**

a. Estudo de mercado

Para a preparación da presente licitación non se realizaron consultas preliminares a operadores económicos activos no mercado, senón que se utilizaron valoracións recentes e semellantes de traballos análogos realizados ou proxectados polo Concello.

b. Orzamento

i. Orzamento Base de Licitación

O Orzamento Base de Licitación das obras de “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria” detállase da seguinte forma:

Custes Directos:	101.074,64 €
Custes Indirectos:	3.126,02 €
Imprevistos:	3.000,00 €
Gastos Xerais (13%):	13.936,09 €
Beneficio Industrial (6%):	6.432,04 €
IVE (21%):	26.789,45 €
Orzamento Base de Licitación:	154.358,24 €



ii. Valor Estimado do contrato

O valor estimado para o contrato de “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria” é o seguinte:

Importe total:	127.568,79 €
Aumentos medicións (liquidación):	12.756,88 €
Total Valor Estimado:	140.325,67 €

– Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

En base ás necesidades descritas en apartados anteriores e ao obxecto do contrato, considérase que o procedemento mais axeitado para levar a cabo a licitación deste contrato de obras é o **Procedemento Aberto**, xa que se cumpren as condicións establecidas para a súa utilización previstas no artigo 156 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. Polo tanto, para este contrato, todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Establecerase o **50%** da valoración en **criterios subxectivos**, coa seguinte distribución:

- 50% no Programa de traballos

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

c) Análise específica dos condicionantes externos á obra que poidan influír na execución e planificación dos traballos, así como as medidas propostas para causar o menor prexuízo posible á boa marcha das obras e para xerar os menores problemas posibles aos cidadáns (mobilidade, accesibilidade, afeccións a terceiros, afeccións ambientais, etc...). Esta análise deberá abranger polo menos os puntos seguintes:

- Incidencia das obras, ou nestas, polo tráfico de vehículos e persoas pola zona afectada polas obras, especialmente en zonas e épocas de maior afluencia de persoas e actividades municipais. Deberanse describir espacial e temporalmente os cortes de tráfico que fosen necesarios, a sinalización orientativa provisional de cada fase e o



balizamento requirido, os requirimentos normativos, a forma de execución das obras para facilitar o paso de peóns, etc..., achegando os planos e esquemas necesarios para a súa mellor comprensión.

- Calidade do equipo asignado para a execución da obra e dos materiais de execución, incluíndo unha descrición dos equipos, tanto humanos como materiais, que a empresa se compromete a destinar para a realización da obra.
- Análise de calquera outro condicionante externo que poida afectar ou ser afectado polas obras.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

A presentación da oferta técnica deberá axustarse á ordenación establecida e recollerá explicitamente os apartados e subapartados sinalados nos criterios de adxudicación, non podendo superar o número máximo de follas* fixado para cada epígrafe segundo a táboa 1. O incumprimento de calquera destas condicións anulará a avaliación do devandito apartado.

As ofertas realizaranse exclusivamente en fonte Arial, tamaño mínimo de letra 11 e entrelíñado sinxelo.

TÁBOA 1

CRITERIO SUBXECTIVO		Nº follas máximo	Formato
a)	Memoria descritiva do proceso de execución e análise pormenorizada do proxecto	15	A4
b)	Diagrama de Gantt desenvolvendo as unidades de obra	3	Máximo A1
c)	Análise específica dos condicionantes externos á obra	15	A4

* Tendo en conta que a presentación de ofertas se realiza en formato dixital (.pdf), o concepto de folla equivale a páxina (= 1 carilla en papel)

Establecerase o **50%** da valoración con **criterios obxectivos**, coa seguinte distribución:

- 30% na oferta económica

Segundo os criterios impostos pola Intervención municipal valorarase de acordo coa fórmula elaborada, por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

- 5% no incremento do prazo de garantía

Tendo en conta a complexidade técnica da obra que se licita e valorando as particularidades desta, considérase adecuado que os licitadores poidan ofertar un incremento do prazo de garantía da mesma, por riba do prazo inicial obrigatorio dun ano, coa finalidade de garantir que a detección e reparación de calquera vicio oculto ou fallo dos traballos executados, que poida aparecer durante os primeiros anos de vida e utilización destes, sexa levado a cabo directamente pola empresa contratista das obras. Esta garantía abranguerá a totalidade da obra, valorándose como o 100 % da mesma.



Polo exposto, daráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorará a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos).

- 15% en melloras

a) Adecuación superficial e pintado da pista de formigón situada na Rúa Icaro sobre a que se prevé a execución dun novo aparcadoiro (puntuación: 10%)

A mellora que o licitador poderá ofertar consistirá en proceder á adecuación da superficie e ao pintado do pavimento actual da pista de formigón situada na Rúa Icaro sobre a que se prevé a execución dun novo aparcadoiro, co fin de conferirle un aspecto renovado, que mellore a estética da zona.

As actuacións a levar a cabo serán as seguintes:

- Preparación do soporte mediante hidrolimpado previo da pista.
- Diamantado da capa superior, mediante diamantadora de pavimentos con moas de diamante.
- Hidrolimpado de pavimento tras o diamantado.
- Aplicación de morteiro autonivelante.
- Aplicación de imprimación para formigón tipo EPOXAN de COMPOSAN, ou similar (imprimación de resinas acrílico - epoxi, bicomponente), aplicado nunha capa con rasta de goma e cunha dotación de 0,8 - 1 kg / m² cada capa de produto preparado e fresco.
- Aplicación de morteiro texturizado tipo COMPOMIX de COMPOSAN, ou similar (con resinas acrílico - epoxi, bicomponente), de cor a elixir segundo dispoñibilidade, aplicado en tres capas con rasta de goma e cunha dotación de 0,40 kg / m² cada capa de produto preparado e fresco.
- Aplicación de selaxe tipo COMPOPAINT de COMPOSAN, ou similar (con pintura acrílico - epoxi, bicomponente), de cor a elixir segundo dispoñibilidade, aplicado nunha capa con rodete ou rasta de goma e cunha dotación de 0,25 kg / m² cada capa de produto preparado e fresco.
- Apertura de xuntas de dilatación existentes mediante máquina cortadora de xuntas.

Outorgarase a máxima puntuación a aqueles licitadores que oferten a adecuación da superficie e o pintado do pavimento actual da pista de formigón situada na Rúa Icaro, segundo as características expostas nos parágrafo anterior, na totalidade da medición desta (445 m²).

Aos licitadores que non oferten esta mellora, ou ben que oferten unha mellora parcial (adequación da superficie e o pintado do pavimento sobre unha parte da medición da pista, e non sobre a totalidade) outorgaráselles cero puntos.



A valoración económica desta mellora estímase, en base aos seguintes cálculos, en 15.762,59 € (I.V.E. engadido).

Valoración	Prezo/m ²	Superficie	Importe
PEM	24,60 €/m ²	445,00 m ²	10.947,00 €
G.X. + B.I. (13%+6%)			2.079,93 €
SUMA			13.026,93 €
I.V.E. (21%)			2.735,66 €
TOTAL			15.762,59 €

b) Redución do prazo para a redacción e presentación do Plan de Seguridade e Saúde (puntuación: 5%)

Co ánimo de axilizar o inicio das obras, tendo en conta as necesidades que pretenden atenderse con estas, así como a urxencia das mesmas, sendo este aspecto de relevante importancia para o Concello, valorarase que os licitadores poidan ofertar unha redución no prazo de presentación do correspondente Plan de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo Concello, previo informe favorable vinculante do Coordinador de Seguridade e Saúde, ao tratarse dun documento necesario para poder autorizar o inicio dos traballos.

Xa que logo, os licitadores deberán indicar, de ofertar esta mellora, o prazo máximo ao que se comprometen para a redacción e presentación ante o Concello de Oleiros do Plan de Seguridade e Saúde (P.S.S.) da obra.

As puntuacións outorgaranse en base á táboa seguinte:

PRAZO PRESENTACIÓN OFERTADO	PUNTUACIÓN
Presentación do P.S.S. no prazo máximo dunha (1) semana	5
Presentación do P.S.S. no prazo máximo de dúas (2) semanas	2,5
Presentación do P.S.S. no prazo máximo de tres (3) ou máis semanas	0

b. Cualificación do contrato

Os traballos contemplados na presente Memoria Xustificativa, considerando o seu obxecto e a súa natureza, rexeranse polas normas de dereito administrativo, englobándose dentro dun Contrato de Obras no subgrupo de "Obras de conservación e mantemento", contemplados no artigo 232.1.c) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, dado que o menoscabo prodúcese no tempo polo natural uso do ben, e dase cumprimento á obriga de manter as instalacións públicas nun axeitado estado de utilización.

c. Análise de execución por lotes

Conforme ao establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, "Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.



Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos contratos de concesión de obras.

En todo caso, consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes, do obxecto do contrato, os seguintes:

- a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Ós efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación de dita circunstancia.
- b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ó implicar a necesidade de coordinar a execución de diferentes prestacións, cuestión que poderíase ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.”

Polo tanto, nas obras de “**Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria**” procede a **NON DIVISIÓN EN LOTES** polo motivo especificado na letra b do artigo 99 citado anteriormente, ao desenrolarse os traballos nun tramo concreto da vía, con unidades de obra que dependen unhas de outras, en canto a execución e orde cronolóxica, polo que a súa división en lotes e execución por contratistas diferentes dificultaría considerablemente o desenrolo das mesmas. A maiores, aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, existen partidas comúns a todos eles, como son as relativas a seguridade e saúde, a xestión de residuos e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

d. Duración

A duración prevista para os traballos descritos, obxecto do contrato, estableceuse tendo en conta a natureza das prestacións, as características da súa financiación e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das mesmas, así, prevese que as obras de “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria” teñan unha duración de **DOUS (2) MESES**.

Pódense prever prórrogas na execución dos traballos debidas a causas imprevistas inicialmente, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.



– Medios persoais e materiais requiridos para a execución da obra

a. Medios persoais

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS
XEFE DE OBRA	TITULACIÓN REQUIRIDA: ENXEÑEIRO OU ARQUITECTO TÉCNICO	1
ENCARGADO / CAPATAZ	-	1
OFICIAL 1ª	-	1
OFICIAL 2ª	-	1
PEÓN ESPECIALIZADO	-	1
PEÓN ORDINARIO	-	2

b. Medios materiais

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
MAQUINARIA			
RETROEXCAVADORA	Sobre pneumáticos 115 kW, dotada de martelo rompedor	1	
CAMIÓN BASCULANTE OU VOLQUETE	Capacidade igual ou superior a 10 m3	1	
CAMIÓN GRÚA	Capacidade de carga igual ou superior a 8 Tn	1	
MÁQUINA PINTABANDAS 2 COMPONENTES		1	
EQUIPOS			
EQUIPO DE SINALIZACIÓN PROVISIONAL DE OBRA	Segundo Norma 8.3-IC		
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI'S)	Segundo Normativa do INSHT		
EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA	Segundo Normativa do INSHT		
EQUIPOS DE MEDICIÓN E NIVELACIÓN		1	
EQUIPO DE PINTADO DE PAVIMENTO		1	
MEDIOS AUXILIARES			
CORTADORA DE DISCO	Disco de aceiro diamantado	1	
FORMIGONEIRA ELÉCTRICA	250 L	1	
ESCALEIRAS	Segundo normativa aplicable (NTP:239)	Segundo necesidades	
ESLINGAS	Segundo normativa aplicable (NTP:841)	Segundo necesidades	
ENCOFRADOS		Segundo necesidades	
ENTIBACIONES		Segundo necesidades	



GRUPO ELECTRÓXENO		Segundo necesidades	
FERRAMENTAS MANUAIS		Segundo necesidades	

– **Clasificación do contratista para a xustificación da solvencia para a realización das obras.**

Segundo o artigo 25 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, RD 1098/2001 de 12 de outubro, a clasificación da empresa contratista de obras para a execución das obras de “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria” é a seguinte:

Clasificación	Grupo	Subgrupo	Categoría
G – 6.1	G – Viarios e pistas	6 - Obras viarias sen cualificación específica	1

– **Asistencia técnica á dirección facultativa para o control de calidade e coordinación de seguridade e saúde**

A coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección facultativa para o control de calidade da obra deste expediente xestionarase e financiarase a través dos seguintes expedientes:

CONCEPTO	EXPEDIENTE	ENTIDADE FINANCIADORA
ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024	2021/CONTRAT/000139 2021/EGOBR/000077	CONCELLO DE OLEIROS (3.752,02 € IVE incl.)
SERVIZO COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024	2021/CONTRAT/000147 2021/EGOBR/000078	CONCELLO DE OLEIROS (771,84 € IVE incl.)

– **Conclusións**

A execución dos traballos contemplados dentro do Proxecto de “Melloras nas infraestruturas viarias do Polígono Comercial de Icaria”, englobaranse dentro dun contrato administrativo de obras, considerándose estas como de conservación e mantemento. A duración dos traballos estímase en dous meses e consistirán fundamentalmente na realización dos traballos necesarios para acometer a renovación de parte das beirarrúas da rúa Ícaro, garantindo o tránsito dos peóns polas mesmas en condicións de seguridade, a creación dunha nova zona de estacionamento para atender a importante demanda de prazas existente no Polígono e para a renovación da totalidade da sinalización vial das súas rúas interiores, incrementando desta forma a seguridade viaria.

O Valor Estimado do contrato é de 140.325,67 € e non procede a división en lotes para a súa execución ao tratarse de tarefas que dependen unhas doutras e non fan viable a concorrencia de contratistas diferentes na zona de actuación, así como por existir partidas comúns, como



CONCELLO DE
OLEIROS

> OBRAS PÚBLICAS

son as relativas a seguridade e saúde, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

O procedemento mais axeitado para a contratación será o Procedemento Aberto, cunha valoración de criterios subxectivos do cincuenta por cento do total.

O que se informa aos efectos oportunos.

Asinado en Oleiros, na data que figura na marxe, por José Luis Jares Vázquez, en calidade de Arquitecto Técnico Municipal.